



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que en datas recentes saíron publicadas no D.O.G. as seguintes convocatorias de axudas:

- ❖ **Axudas para o fomento das frondosas caducifolias** (D.O.G. 18/02/08, Orde 30/01/08). A plantación de frondosas caducifolias subvencionarase cun máximo do 80% do valor máximo do investimento (ao estar incluído o municipio en zona desfavorecida). A superficie mínima para solicitar axuda no caso de propietarios particulares de xeito individual é de 0,5 Has. **Prazo de solicitude aberto ata o 18/03/08.**
- ❖ **Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.** (D.O.G. 22/02/08, Orde 15/02/08). Esta convocatoria establece axudas para aquelas persoas que decidan crear unha nova instalación agraria e manter a actividade, cando menos, durante cinco anos. Igualmente para a realización de plans de mellora nas explotacións agrarias que supoñan a mellora integral e duradeira da economía da explotación. **Prazo xeral de solicitude aberto ata o 31/05/08.**
- ❖ No BOE de 19/02/08 establececese que **ata o día 30/06/08** permanecerá aberto o prazo para a **solicitude telemática de devolución extraordinaria das cotas do imposto sobre hidrocarburos** satisfeitas ou soportadas polos agricultores e gandeiros ó adquirir o gasóleo bonificado para uso agrícola durante o período do 1/10/06 ó 30/09/07.

A documentación a aportar para realizar dito trámite é a seguinte: NIF, matrícula dos vehículos (que utilizaron o gasóleo bonificado), documentación da maquinaria (tipo e número de fabricación); facturación de gasóleo e código CIM (código de identificación minorista) e número de conta onde se queira sexan efectuadas as transferencias das devolucións.

Outeiro de Rei, 26 de febreiro de 2008.

O Alcalde,